



## Programa de mellora xenética forestal do castiñeiro (*Castanea sativa*) para Galicia

**Tipo de proxecto:** investigación

**Financiado por:** INCITE- Xunta de Galicia (10MRU502012PR)

**Entidades participantes:** Centro de Investigación Forestal de Lourizán

**Período:** 2010-2013

**Investigador principal:** Josefa Fernández-López

**Investigadores participantes:** M<sup>a</sup> Pilar Furones Pérez, Beatriz Míguez Soto, Javier Fernández-Cruz, Santiago Barciela García, Adrián López Villamor

**Resumo:** O proxecto ten como finalidade seleccionar unha poboación de mellora de castiñeiro, a conservar e manexar a longo prazo, e combinar as mellores características en novos individuos

**Palabras clave:** *Castanea spp.*, estaquillado, heredabilidade, mellora, resistencia a *Phytophthora spp.*, selección, viabilidade do pole.





O proxecto ten como finalidade seleccionar unha poboación de mellora de castiñeiro, a conservar e manexar a longo prazo, e empregar os coñecementos existentes sobre diferentes materiais para a realización de cruces controlados e combinar as mellores características en novos individuos a empregar como materiais de reprodución en plantacións orientadas á produción de madeira destinada diferentes usos. Comprende os seguintes obxectivos:

1) A selección dos individuos dunha poboación de mellora para usos diversos da madeira, a Poboación Principal de Mellora (PPM), subdividida en dúas subpoboacións, Galicia Atlántica e Interior de Galicia. Cada unha de elas estará constituída por 100 individuos, seleccionados como árbores superiores nas poboacións de castiñeiro bravo con orixe en cada unha das zonas citadas. Ademais da superioridade en caracteres de conformación dos fustes, de volume e estado sanitario das árbores, impóñense outras condicións:

- Os individuos da PPM deben ser representativos da diversidade existente nas poboacións locais de castiñeiro, reunindo a máxima diversidade xenética posible, mediante un muestreo estratificado das poboacións locais.
- Os individuos da PPM serán exclusivamente da especie *Castanea sativa*. Os individuos das especies asiáticas *Castanea crenata* e *Castanea mollissima* ou os seus híbridos con *C. sativa* serán excluídos despois da súa identificación con marcadores xenéticos (microsatélites).

2) A selección dunha Poboación Élite (PE) formada por individuos coas mellores características e a realización de cruzamentos controlados entre eles, co obxectivo de combinar varias características nos mesmos individuos. Os caracteres de selección considerados importantes son: vigor, resistencia a *Phytophthora* e a *Chryphonectria parasitica*, calidade da madeira, resistencia á seca e aptitude á propagación vexetativa. O desenvolvemento da PE supón o manexo de pole, e a realización de diferentes ensaios de proxenies cos obxectivos de avaliar o control xenético aditivo/non aditivo da aptitude á propagación vexetativa por estaquillado, de vigor e de resistencia a *Phytophthora*.

3) A elección de novos materiais de reprodución de castiñeiro tanto para a costa como para o interior de Galicia con obxectivos diversos, como a madeira de serra ou madeira de pequenas dimensións. Valorarase a aptitude á propagación vexetativa por estaquillado das novas variedades.